



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO DE DATA VINTENOVE DE XANEIRO DO DOUS MIL DEZAOITO.

No Concello de Campo Lameiro o día vinteún de decembro do dous mil dezasete, ás catorce horas dez minutos e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Concello Pleno convocada para este día.

ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concelleiros Grupo Partido Popular.:

Don Carlos Costa Dominguez.

Don Alberto Maquieira Fernández

Dna. M^a de las Nieves Boullosa Ferrín

Dna. Silvia Laredo Quinteiro

Concelleiros do Partido Socialista de Galicia.:

Dna. Paz Vidal Fontenla

Don Adrián Vidal Fontenla

Concelleiro ausente.:

Don Juan Carlos Novegil Barros (Grupo Partido Socialista de Galicia)

SECRETARIO

Dna. Mercedes González Budiño

Dá fe do acto Dna. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.

Reunidos no día e hora citados na cabeceira do presente documento, o Pleno deste Concello en sesión EXTRAORDINARIA, previamente convocada, baixo a Presidencia do Alcalde- Presidente deste Concello, con asistencia dos Sres. Concelleiros que se enumeran na cabeceira.

Non asisten [si/non] escusando a súa asistencia os Sres. Concelleiros enumerados na cabeceira

A Corporación está asistida pola Secretaria-interventora deste Concello que dá fe do acto, Mercedes González Budiño.

Unha vez verificada polo Secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros, o Presidente abre a sesión, procedendo á deliberación sobre os asuntos incluídos no seguinte

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANGEL GARCÍA MAQUIEIRA (P.P.)

«Visto o escrito de renuncia expresa presentado por D^a M^a José Viña Mourín ao cargo de Concelleira, do cal tomou posesión en data 13 de xuño de 2015 aducindo razón persoais que lle imposibilitan para o desempeño do cargo.

Visto que con data 18 de xaneiro de 2018 se recibiu da Xunta Electoral a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, en concreto na figura de D. Angel García Maquieira.



O Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Asuntos do Concello, adopta por unanimidade o seguinte ACORDO.:

Aceptar a toma de posesión de D. Angel García Maquieira do cargo de Concelleiro do Concello en substitución de D^a M^a José Viña Mourín tras a renuncia voluntaria presentada.

Cumprido co procedemento legalmente establecido, o Alcalde pasa a preguntar a D. Angel García Maquieira:

«Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleiro do Concello de Campo Lameiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?» (artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas).

Por parte de D. Angel García Maquieira se manifesta:

Si, xuro.

A continuación, o Sr. Alcalde pronuncia unhas palabras de benvida ao novo concelleiro. Tras a toma de posesión como Concelleiro se incorpora á Sesión o concelleiro D. Angel García Maquieira.

SEGUNDO. SANEAMENTO DE ROZAS-CERDEIRAS. ACEPTACIÓN DE TERREOS FORMULADA POLA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DO LUGAR DE ROZAS.

Visto o escrito presentado pola CMVMC do lugar de Rozas propoñendo ao Concello de Campo Lameiro a cesión de catro parcelas coas referencias catastrais seguintes:

36007AO57005110000DO de 114 m2.

36007AO57005120000DK de 74 m2.

36007AO57005130000DR de 116 m2

36007AO57005140000DD de 61 m2

Coa finalidade de destinar á instalación da depuradora de saneamento de Rozas e de As Cerdeiras.

Se aporta certificado do acordo adoptado pola CMVMC do lugar de Rozas en sesión de data 17 de decembro de 2017 polo que se ceden os terreos das parcelas con referencia catastral 36007AO57005110000DO de 114 m2., 36007AO57005120000DK de 74 m2., 36007AO57005130000DR de 116 m2 e 36007AO57005140000DD de 61 m2

E tamén se aporta compromiso da Comunidade de Montes en Man común do lugar de Rozas conforme os terreos se ceden para uso conxunto do saneamento dos veciños de Rozas (Campo Lameiro) e mais de Cerdeiras (Moraña).

Explica o Sr. Alcalde que a depuradora a instalar será para dar servizo á Rozas, Concello de Campo Lameiro, e mais á As Cerdeiras do Concello de Moraña, estando en trámites de asinarse un convenio de colaboración administrativa entre os dous Concellos.

Que a cesión se efectuará polo tempo máximo establecido, e que durará mentres se manteña operativa en servizo a depuradora do saneamento dos dous lugares.

Neste momento se incorpora á sesión a concelleira do Grupo Socialista D^a Paz Vidal Fontenla.

Pregunta o concelleiro do Grupo Socialista D. Adrián Vidal Fontenla dónde está o proxecto da obra, manifestándose polo Sr. Alcalde que o proxecto o ten o Concello de



Moraña, para tramitar solicitude de subvención á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, de forma compartida polos dous Concellos.

O Sr. Vidal Fontenla expresa que sen proxecto non hai datos.

Sacado a votación o asunto, por maioría (6 votos a favor, dos/as concelleiros/as do P.P., e dúas abstencións, dos/as concelleiros/as do PSG-PSOE, dos nove membros que forman a corporación) se acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión das parcelas 36007AO57005110000DO de 114 m²., 36007AO57005120000DK de 74 m²., 36007AO57005130000DR de 116 m² e 36007AO57005140000DD de 61 m² propiedade da CMVMC do lugar de Rozas a favor do Concello de Campo Lameiro, de forma gratuíta e libre de cargas, para destinar á instalación de depuradora do saneamento de Rozas – As Cerdeiras, polo prazo máximo que legalmente proceda, até tanto se manteña o uso dos referidos terreos de funcionamento da depuradora do saneamento dos lugares de Rozas e de Cerdeiras.

Esta aceptación supón a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de todos os documentos necesarios para a formalización da referida cesión de terreos e para o exercicio de cantas acción sexan necesarias en relación con esta cesión.

TERCEIRO. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PRESUPOSTO XERAL DO EXERCICIO 2018. ESTUDIO DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Polo Secretario, de orde da Presidencia, dáse lectura ao seguinte ditame da Comisión Informativa de Facenda, de data 2 de febreiro de 2018.

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, así como, as súas Bases de Execución e o Persoal de Persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.

Visto o contido dos informes do Interventor municipal, de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria do que se desprende que a situación é de equilibrio.

Visto o Informe de Intervención de Evaluación do Cumprimento da Regra de gasto do que se desprende que a situación é de cumprimento.

Vistas a alegación presentada por D^a Martina Vieitez Ferro, veciña de Campo Lameiro, e membro do colectivo pola defensa do patrimonio “A Forneiriña” durante o período de información pública na que enumera estado de conservación dos petroglifos, instando a corrección do presuposto do ano 2018 para inclusión de partida orzamentaria polo importe necesario para acometer traballos de desbroce, coidado e sinalización de todos e cada un dos petroglifos situados no territorio do Concello de Campo Lameiro, para evitar danos na realización de traballos forestais por falta de sinalización, e o arraso dos incendios por estar cubertos ou rodeados de vexetación. Incluídos os eucaliptos, sen gardar as distancias de seguridade.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o expediente tramitado propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por Martina Vieitez Ferro membro do colectivo pola defensa do patrimonio “A Forneiriña” en relación co expediente de



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

aprobación do presuposto xeral do exercicio 2018, polos motivos expresados no Informe da alcaldía de data 24 de xaneiro de 2018, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	0,00 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	0,00 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	480.304,98
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	438.202,40
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	125.584,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	954.145,86
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	48.101,38
TOTAL:	2.046.338,62

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	0,00 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	0,00 €
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	335.227,76



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

CAPÍTULO 2: Impuestos Indirectos	12.000,00
CAPÍTULO 3: Tasas, Prezos Públicos e outros Ingresos	125.040,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	695.972,00
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	8.150,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	1,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	869.947,86
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	2.046.338,62

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o persoal de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Tras a lectura do ditame toma a palabra o Sr. Alcalde para manifestar que as actuacións que se poidan executar sobre os gravados rupestres serán con parte do persoal a solicitar á Deputación de Pontevedra no Plan Concellos, como así se reflexa no acordo de aprobación inicial do presuposto, adoptado en sesión de data 21 de decembro de 2017, e que sempre se actuará coa previa autorización de Patrimonio.

Na quenda de intervencións toma a palabra o concelleiro do Partido Socialista de Galicia D. Adrián Vidal Fontenla reiterando as peticións do seu grupo, formuladas na aprobación inicial do presuposto do ano 2018 no senso de que o Concello acometa a limpeza, sinalización e protección das áreas dos gravados rupestres, e que o voto do seu grupo será en contra da aprobación definitiva.

Sacado a votación a aprobación do presuposto xeral do ano 2018, o Pleno do Concello, por maioría, cos votos a favor dos seis concelleiros/as do Partido Popular, Sres/as. Sayáns Bugallo, Costa Domínguez, Maquieira Fernández, Boullosa Hermo, Laredo Quinteiro e García Maquieira, e cos votos en contra dos/as concelleiros/as do Partido Socialista de Galicia-PSOE, Sr. Vidal Fontenla e Sra. Vidal Fontenla

ACORDA:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por Martina Vieitez Ferro membro do colectivo pola defensa do patrimonio "A Forneiriña" en relación co expediente de aprobación do presuposto xeral do exercicio 2018, polos motivos expresados no Informe da alcaldía de data 24 de xaneiro de 2018, do tenor literal que sigue:

"Vista a reclamación presentada por D^a Martina Vieitez Ferro, en nome e representación de o colectivo pola defensa do patrimonio "A Forneiriña" contra o acordo de aprobación



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

inicial do presuposto xeral do Concello de Campo Lameiro do ano 2018, presentado en data 18 de xaneiro de 2018.

Visto o contido das alegacións que se formulan pola interesada

INFORMO

PRIMEIRO.- Que o Concello de Campo Lameiro ten competencias limitadas en canto á protección, sinalización e supervivencia dos petroglifos e de todo o patrimonio cultural. Esta competencia é propia da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Que o Concello de Campo Lameiro debe garantir os servizos mínimos esixibles que a lexislación de réxime local enumera no artigo 26. 1 a) da lei de Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que o Concello de Campo Lameiro, como calquer outra administración pública, está na obriga de cumprir con principios de estabilidade presupostaria, e control da regra de gastos por imperativo legal.

CUARTO.- Que dentro das posibilidades de gastos, este Concello contempla a intervención na limpeza e mantemento dos accesos aos petroglifos cos traballadores a contratar a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, cun total de 6 traballadores por período de 9 meses.

QUINTO.- Que nos gastos de funcionamento do estado de gastos do presuposto se contempla partida orzamentaria 171.210 por importe de 5.000,00 €, partida 929.226 por importe de 9.881,40 euros para atender os custos de reposición de material, limpeza e mantementos.

Polo que se xustifica que o Concello de Campo Lameiro intervendrá con medios persoais e materiais na limpeza e mantemento de áreas de gravados rupestres, cos criterios que se establezan por parte da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, e dentro dos límites de gastos que se establecen por parte do Ministerio de Hacienda.”

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	0,00 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	0,00 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	480.304,98
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	438.202,40
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	0,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	125.584,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	954.145,86



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	48.101,38
TOTAL:	2.046.338,62

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	0,00 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	0,00 €
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	335.227,76
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	12.000,00
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	125.040,00
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	695.972,00
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	8.150,00
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	1,00
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	869.947,86
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	2.046.338,62

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO. Instar á Consellería de Cultura a elaboración dun plan de actuacións en materia de protección dos petroglifos do Concello de Campo Lameiro.”



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

E non habendo máis asuntos que tratar e cumprindo o obxecto do acto, o Alcalde-Presidente levanta a Sesión sendo as 14:45 horas, do cal como Secretaria dou fe.

ASINADO ELECTRONICAMENTE.

